

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### O gran cabalo de madeira


Os gregos querían conquistar a cidade de Troia. Estaban acampados desde había meses preto das murallas que rodeaban a cidade, pero non conseguían vencer os troianos, que eran guerreiros fortes e valentes. Aquela noite Agamenón, o rei grego, recibiu na súa tenda a visita do capitán Ulises.

–Escoite, señor rei: podemos destruír Troia e conseguir a vitoria, e todo grazas... grazas a un cabalo de madeira!

–Un cabalo de madeira! Estás tolo, Ulises! Ou estás de broma? As batallas gáñanse coas armas, non con xoguetes.

–Non, señor rei. Non é ningunha broma o que digo. Este é o meu plan: construímos un enorme cabalo de madeira dentro do cal se poidan esconder algúns soldados ben armados e deixámolo abandonado na praia para que os habitantes de Troia crean que marchamos. Como van reaccionar eles? Apoderaranse da máquina e levarana á cidade, con nós dentro; despois, o único que temos que facer é saír do cabalo e abrir as portas da cidade para que entren os nosos soldados.

Agamenón quedou sorprendido. A idea pareceulle un pouco absurda, pero moi interesante, de xeito que deu ordes para que os homes se puxesen mans á obra.




#### 1 Escribe os seus nomes.



O rei dos gregos



O seu capitán



A cidade atacada

**2** Escribe V (verdadero) ou F (falso).

- Os gregos querían visitar a cidade de Troia.
- Troia estaba rodeada de murallas e defendida por soldados fortes e valentes.
- Os gregos estaban diante de Troia desde había poucos días.
- Ulises tiña un plan para conquistar a cidade.
- Construirían un enorme cabalo de madeira e esconderían os soldados dentro.
- A Agamenón, aquela idea non lle interesou nada.

**3** Transforma as oracións que marcaches como falsas para que sexan verdadeiras.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_

**4** Escribe os verbos no seu lugar para completar o final da historia.

durmían • saíron • pensaron • abriron • entrou • conquistaron • levaron

Os troianos \_\_\_\_\_ que os gregos abandonaran a idea de tomar Troia e \_\_\_\_\_ o cabalo dentro das murallas, sen saberen que no interior había soldados inimigos. Pola noite, mentres todos os troianos \_\_\_\_\_ despois dunha gran festa, os guerreiros gregos \_\_\_\_\_ do cabalo e \_\_\_\_\_ as portas da cidade; así o resto do exército grego \_\_\_\_\_ e \_\_\_\_\_ Troia.

**5** Explica a túa opinión sobre Ulises e o seu plan.

---



---